

MARQUESA DE MANOURY

A novela de Violette

Traducido por Marie Abraira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Capítulo I

Tiña trinta anos cando coñecín a Violette.

Vivía no cuarto piso dunha casa bastante xeitosa sita na rúa de Rivoli, enriba do cal se construíran os cuartos ocupados polas criadas e polas obreiras novas que traballaban na tenda de lenzaría cuxo almacén aínda existe na planta baixa, no soportal.

Daquela, a miña vida estaba unida á dunha amante moi fermosa e de faccións aristocráticas. Posuía unha desas peles brancas que Théophile Gautier celebra nos seus *Émaux et Camées*¹; unha desas melenas que Esquilo trenza na cabeza de Electra² e compara coas mazarocas de Argólide. Mais engordara antes de tempo e, furiosa pola súa precoz obesidade, sen saber con quen tomala por esa plétora, facía desgraciados a todos aqueles que se lle achegaban co seu carácter imposible.

Acontecía que as nosas relacións eran escasas e que malia satisfacer todos os seus caprichos, eu non facía nada

¹Pierre Jules Théophile Gautier (Tarbes, 1811-París, 1872), poeta, dramaturgo, novelista, xornalista, pintor e crítico de arte francés. Defensor do romanticismo, o seu traballo serviu de referencia para movementos literarios posteriores como o parnasianismo, o simbolismo, o decadentismo e o modernismo. *Émaux et Camées* (*Esmaltes e Camafeos*) é unha obra de 1852 publicada durante unha viaxe polo Oriente Próximo na que reúne dezaioito poemas, ampliados en edicións posteriores até os trinta e sete. Está considerada a súa mellor obra.

²Electra é un antigo mito grego recollido en tres traxedias: a de Esquilo (Eleusis, 525 a.C.-Gela, 456 a.C.), a de Sófocles e a de Eurípides, que difiren nos detalles da trama e no estilo.

para aproximar os nosos cuartos, situados en ambos os dous extremos do apartamento. Escollera o meu polas súas vistas cara ás Tuileries. Xa afectado pola manía de mollar os meus dedos na tinta, para un traballador non hai nada máis grato, máis fermoso e máis relaxante ca a vista desa sombría masa de verdor que forman as vellas árbores do xardín. Entre a súa follaxe, no verán, mentres hai luz de día, as torcazas disputan as altas pólas; logo, co crepúsculo, todo volve á inmovilidade e ao silencio. Ás dez, toca a retirada e as cancelas péchanse, e, durante as noites privilexiadas, a lúa vai asomando paseniño para pratear a copa das árbores co seu pálido luar. Decote, ao mesmo tempo ca a lúa, érguese unha lixeira airexa que fai vibrar a luz entre as follas trémulas que, entón, parecen espertar, vivir, respirar o amor e suspirar polo pracer.

Despois, pouco e pouco, unhas tras outras, as fiestras convértense en sombras, a silueta do Palais esvaécese vagamente, resaltando en negro sobre o azul nocturno e transparente do ceo. Paseniño tamén, os ruídos da vila apáganse co triquetraque afastado dunha berlina ou dun ómnibus, e o oído ábrese neste silencio que só perturba a respiración do xigante durmido.

O ollar descansa entón nese castelo, nesas árbores que toman das tebras a maxestade das súas grandes masas inmóbiles. Con frecuencia, quedaba horas soñando na miña xanela. Con que soñaba? Nin sequera eu o sei; se cadra con cousas coas que se soña aos trinta anos: o amor, as mulleres que se viron e, sobre todo, as que se ignoran. Confesemos que os encantos máis poderosos son os das damas que non se coñecen.

Hai homes desherdados da natureza sobre cuxo corazón o sol, alma do mundo, esqueceu deixar caer unha das súas raiolas; estes ven en cor gris e, no decurso dunha vida crepuscular, cumpren, coma cun deber cidadán, o

